Concello da Laracha
Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña
Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331
Sede Electrónica: https://sede.alaracha.es

R.E.L. Nº 01150413
C.I.F. P-1504200-E
www.alaracha.es

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

EXPEDIENTE: 2026/G003/002775
ASUNTO: APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DO CONCURSO DE POSTAIS DE NADAL 2026

ANTECEDENTES:

Vistos os seguintes feitos e antecedentes que constan no expediente tramitado:

Vista a providencia de inicio de data 27.10.2026 que dispón de incoar expediente para a aprobación das bases reguladoras e convocatoria pública e que se emita a memoria xustificativa da necesidade, oportunidade e impacto económica desta actuación e se fiscalice pola Intervención Municipal.

Vistas as bases reguladoras do Concurso propostas por esta Alcaldía con data 17.11.2026.

Vista a Memoria xustificativa da animadora cultural de data 17.11.2026 co fin de motivar a conveniencia, necesidade e idoneidade da aprobación das Bases reguladoras do Concurso de Postais de nadal 2026 e comproba a súa inclusión no Plan Estratéxico de Subvencións.

Visto o informe de fiscalización emitido pola Intervención con data 18.11.2026

E de conformidade coas atribucións conferidas a esta Alcaldía-Presidencia polo artigo 21.1.s) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local,

RESOLVO:

PRIMEIRO. Aprobar as bases reguladoras do Concurso de Postais de Nadal 2026 co seguinte contido:

BASES REGULADORAS DO CONCURSO DE POSTAIS DE NADAL 2026

1.OBXECTO

É obxecto deste concurso estimular a participación, desde os colexios, dos/as nenos/as nunhas das datas máis significativas do ano; o Nadal.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

FIRMADO POR José Manuel López Varela (FECHA: 18/11/2026 13:26:00) , Rafael José Del Barrio Berbel (FECHA: 18/11/2026 14:22:00)
Decreto Nº: 2604/2026 - Fecha de decreto: 18/11/2026
Versión imprimible
CVD: uUQQ1R9/l8mocG4HyhNR Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.alaracha.gal/

FIRMADO POR José Manuel López Varela (FECHA: 18/11/2026 13:26:00) , Rafael José Del Barrio Berbel (FECHA: 18/11/2026 14:22:00)
Decreto Nº: 2604/2026 - Fecha de decreto: 18/11/2026
Versión imprimible
CVD: uUQQ1R9/l8mocG4HyhNR Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.alaracha.gal/

2. PARTICIPANTES

Poderán participar todo o alumnado do municipio das seguintes etapas educativas:

- Educación infantil (4º, 5º e 6º)
- Educación Primaria (1º, 2º, 3º, 4º, 5º e 6º)

3.FORMA DE PRESENTACIÓN

Os traballos **entregaraos o persoal dos centros escolares** do municipio na Casa da Cultura da Laracha do Concello da forma en que segue:

- Na parte posterior da obra, achegarase o **nome** e **apelidos** do/a autor/a, **curso** escolar e **centro** ao que pertence.
- O formato será libre
- No caso de Educación Primaria, non se valorarán os traballos dunha clase cun mesmo modelo de postal para todo o alumnado. Debe ser unha postal diferenciada para cada participante, xa que o premio é individual.
- Todos aqueles traballos que non respecten estes requisitos serán descualificados.

4.PRAZOS DE PRESENTACIÓN

O prazo de presentación remata o **xoves 17 de decembro** do 2026. A cualificación farase o **venres 18 de decembro** ás 10:00 h na Biblioteca Municipal da Laracha.

5. PREMIOS

Establécense **doce** premios que se repartirán en **catro** categorías:

- **Categoría A:** Educación Infantil, 1 premio por nivel (4º, 5º e 6º de infantil)
- **Categoría B:** 1º e 2º de PRIMARIA , 3 premios.
- **Categoría C:** 3º e 4º de PRIMARIA, 3 premios.
- **Categoría D:** 5º e 6º de PRIMARIA, 3 premios

Os premios de Infantil serán de carácter colectivo (por aula).

Os premios de primaria serán de carácter individual.

Os premios consistirán en **xogos** e/ou **material educativo e/ou libros de lectura** adaptado ás idades das persoas galardoadas.

6. XURADO

O xurado estará formado por dúas persoas nomeadas pola Concellería de Cultura, e por unha persoa representante de cada un dos CEIP do municipio: Ramón Otero Pedrayo, Alfredo Brañas e Caión.

7. LISTAXE DE PREMIADOS

A listaxe de premiados publicarase na páxina web www.alaracha.gal e no Facebook do Concello (https://www.facebook.com/ConcelloALaracha/). Ademais, o Concello da Laracha comunicará ás persoas galardoadas a decisión do xurado.

Os/as gañadores/as deberán recoller o seu premio sábado 19 de decembro **ás 12:00h** na Casa da Cultura da Laracha.

8. INTERPRETACIÓN

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

FIRMADO POR José Manuel López Varela (FECHA: 18/11/2026 13:26:00) , Rafael José Del Barrio Berbel (FECHA: 18/11/2026 14:22:00)
Decreto Nº: 2604/2026 - Fecha de decreto: 18/11/2026
Versión imprimible
CVD: uUQQ1R9/l8mocG4HyhNR Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.alaracha.gal/

Concello da Laracha
Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña
Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331
Sede Electrónica: https://sede.alaracha.es

R.E.L. Nº 01150413
C.I.F. P-1504200-E
www.alaracha.es

O Concello da Laracha resérvase a facultade decisoria no caso de controversia á hora de interpretar ás bases.

9. PUBLICACIÓN

As presentes bases publicaranse na páxina web do Concello da Laracha, e se difundirán a través das redes sociais do propio concello e medios de comunicación.

De conformidade co disposto no artigo 20.8 a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, o extracto da presente convocatoria publicarase no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, tras a transmisión do seu texto á Base de datos Nacional de Subvencións (BDNS). O prazo de presentación de solicitudes computará a partir do día seguinte ao da publicación do devandito extracto no citado Boletín Oficial

10. ACEPTACIÓN DAS BASES : a participación neste concurso supón a plena aceptación das presentes bases.

SEGUNDO. Aprobar a Convocatoria do citado concurso corresponde a no 2026, conforme as seguintes determinacións:
1.Contía Global: O importe total dos premios ascende á cantidade aproximada de 2000€ e que consiste na compara de xogos e/ou material educativo e/ou libros de lectura adaptados ás idades das persoas galardoadas, que se financiará con cargo á aplicación orzamentaria 334.48907 do Orzamento Municipal vixente.

3. Prazo de presentación de solicitudes: As solicitudes de participación presentaranse a partir do día seguinte ao dea publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia (BOP)

TERCEIRO. Remitir o texto íntegro das presentes Bases Reguladoras e da Convocatoria á Base de datos Nacional de Subvencións (BDNS) para o seu rexistro e publicación no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, de conformidade co establecido nos artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, de conformidade co establecido nos artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións e dispoñer a publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, cursando a través da propia plataforma da BDNS, para os efectos de que o prazo de presentación de solicitudes comece a computar ao día seguinte da devandita inserción oficial.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

FIRMADO POR José Manuel López Varela (FECHA: 18/11/2026 13:26:00) , Rafael José Del Barrio Berbel (FECHA: 18/11/2026 14:22:00)
Decreto Nº: 2604/2026 - Fecha de decreto: 18/11/2026
Versión imprimible
CVD: uUQQ1R9/l8mocG4HyhNR Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.alaracha.gal/

Concello da Laracha
Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña
Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331
Sede Electrónica: https://sede.alaracha.es

R.E.L. Nº 01150413
C.I.F. P-1504200-E
www.alaracha.es

CUARTO. Publicar o texto íntegro da Resolución, Bases e formularios de solicitude na Sede electrónica e no Taboleiro de Anuncios do Concello, para xeral coñecemento e descarga pola persoas interesadas.

QUINTO. Aprobar o gasto por importe global de 2000€ con cargo á aplicación orzamentaria 334.48907

A Laracha, na data da sinatura dixital

O alcalde	*O secretario (art. 3.2 RD 128/2018; e art.2.1 Decreto 24/2018)*
José Manuel López Varela	*Rafael José Del Barrio Berbel*

FIRMADO POR José Manuel López Varela (FECHA: 18/11/2026 13:26:00) , Rafael José Del Barrio Berbel (FECHA: 18/11/2026 14:22:00)
Decreto Nº: 2604/2026 - Fecha de decreto: 18/11/2026
Versión imprimible
CVD: uUQQ1R9/l8mocG4HyhNR Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.alaracha.gal/

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)